



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega Educación Plástica

## I CONCURSO DESEÑO GRÁFICO

### OBXECTIVO

Deseño da portada da axenda escolar coa que o Equipo de Dinamización Lingüística agasalla ao alumnado ao inicio do curso escolar.

### CONVOCA

O departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares, en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística e o departamento de Educación Plástica.

### DESTINATARIOS

Poderá participar calquera alumna ou alumno que estea matriculado no IES de Oroso no presente curso académico.

### PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación estará aberto ata o 22 de febreiro de 2021.

Os traballos entregaranse na secretaría do centro.

### TEMÁTICA

Libre. Valorarase positivamente a presentación de temáticas identificativas co centro e o ámbito educativo.

### CARACTERÍSTICAS

Os traballos deben ser orixinais e de autoría propia.

Formato: tamaño máximo A5

Soposte: papel de alta gramaxe ou cartolina (branca ou de cor).

Técnica: libre (lapis, carboncillo, rotulador, collage, texturizado...). Cómpre ter en conta que o deseño gañador será dixitalizado.

Composición/textos: libre. O deseño gañador debe permitir a inserción do logo e identificación da axenda do IES de Oroso 2021-2022.

No reverso, esquina inferior dereita, figurará o nome completo do autor ou autora.

### XURADO

O xurado estará composto por tres membros do EDL, polo xefe de departamento de educación plástica, pola xefa do departamento de orientación e por un membro da dirección.

### PREMIOS

1º premio - Un vale por valor de 50 euros.

2º premio.- Un vale por valor de 30 euros.

3º premio.- Un vale por valor de 20 euros

Os citados vales poderán ser utilizados en material adquirido nas librerías do concello de Oroso.